

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de abril de 2024**

Ás 17.36 horas do día 17 de abril de 2024, reúnese a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D. José María Lago Cabo

D.^a Patricia Torres Madureira

D. Xosé Miguel Pérez Blecua

D. Manuel Seoane Rodríguez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D. Emilio Luís Díaz Vidal

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangana Guede

D. Bernardo Varela López

Deputados de Democracia Ourenseana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 13 DE MARZO DE 2024.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 13 de marzo de 2024.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural do día 13 de marzo de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- ACEPTACIÓN DA ENCOMENDA DE XESTIÓN APROBADA POLA COMISIÓN EXECUTIVA DO CAV, NA DATA 20.03.2024, RELATIVA Á CONTRATACIÓN DE VARIOS SEGUROS.-

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º. Aceptar a encomenda de xestión aprobada pola Comisión Executiva do CAV na data 20.03.2024, relativa á contratación dos seguintes seguros: *a. Seguro de responsabilidade civil do consorcio b. Seguro de responsabilidade medioambiental e civil por contaminación derivada da actividade das estacións depuradoras de augas residuais (as situadas na r/ Areas s/n O Barco de Valdeorras, r/ Noria s/n A Rúa, Estrada OU-636 Larouco, r/ Quellon s/n Vilamartín de Valdeorras, Estrada a Arnado s/n O Barco de Valdeorras, r/ das Escolas s/n O Barco de Valdeorras, Entrecaldeiras A Veiga, Estrada El Barco O Barco de Valdeorras, Estrada OU 533 Petín, Estrada N-533 O Barco de Valdeorras e area recreativa río Leira Vilamartín de Valdeorras) c. Seguro colectivo de vida que cubra os riscos de falecemento derivado de accidente, incapacidade permanente e absoluta, incapacidade profesional permanente para o traballo habitual, gran invalidez, incapacidade permanente e absoluta derivada de accidente e incapacidade profesional permanente derivada de accidente.*

2º. Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio da DPO para os efectos oportunos.

3º.- ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIA FORMULADA POLO CONCELLO DE BOBORÁS, PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO DAS PARCELAS CON REFERENCIAS CATASTRAIS 000200600NG79G0001LA, 32014A007010230000GP, 000200300NG79G0001GA,

NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS EN ALDEA MODELO PARA USO VIVENDA PÚBLICA, NO TERMO MUNICIPAL DE BOBORÁS.-

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

Non se producen intervencións e, co voto favorable do Grupo Popular (6) e do Grupo Socialista (4) e a abstención do BNG (2) e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aceptar a delegación de competencia formulada polo concello de Boborás, para a tramitación do expediente expropiatorio das parcelas con referencias catastrais 000200600NG79G0001LA, 32014A007010230000GP, 000200300NG79G0001GA, necesarias para a execución das obras para a rehabilitación de vivendas en aldea modelo para uso vivenda pública, no termo municipal de Boborás.

2º.- Requirirlle ao Concello de Boborás para que mediante a sinatura dun convenio expropiatorio coa Deputación de Ourense, asuma as obrigas económicas derivadas da tramitación do citado expediente expropiatorio.

4º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O FINANCIAMENTO DOS CONSERVATORIOS PROFESIONAIS DE MÚSICA DA PROVINCIA DE OURENSE.-

Dª Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, procede a dar lectura e a expoñer o contido da moción.

D. Bernardo Varela López, do BNG, sinala que o Plan estratéxico de subvencións xa contempla unha axuda para estes concellos e que, en todo caso, o que temos que facer é reclamar á Xunta de Galicia a que asuma a totalidade ou a maioría dos gastos destes centros educativos.

Dª. Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, sinala que o seu grupo está a estudar a moción e formula unha reserva de voto.

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable do Grupo Socialista (4) e a abstención do Grupo Popular (6), BNG (2) e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRA.- Solicitar que a Deputación de Ourense demande á Xunta de Galicia que asuma a financiación completa dos cinco conservatorios de grao profesional da provincia de Ourense, a saber, Verín, Xinzo de Limia, O Barco de Valdeorras, Carballiño e Ribadavia.

SEGUNDA.- Namentres non se logra facer efectiva a financiación autonómica, instar á Deputación de Ourense a incrementar gradualmente o co-financiamento anual e as axudas dirixidas aos concellos que dispoñen de conservatorios profesionais.

5º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA PALIAR AS PERDAS DAS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS SOMETIDAS A BALEIRADOS SANITARIOS.-

D. Emilio Luis Díaz Vidal, do Grupo Socialista, procede a dar lectura e a expoñer o contido da moción.

D. Bernardo Varela López, do BNG, sinala que os gandeiros afectados por baleirados sanitarios son poucos na provincia pero que teñen moita repercusión. Sinala que unha posible solución pode vir por ter reservas de recría, xa que en moitos casos os afectados teñen que traer cría doutras comunidades autónomas onde non hai o mesmo nivel de controis que na Comunidade Autónoma de Galicia.

D. José Pérez Blecua, do Grupo Popular, sinala que os casos de baleirados sanitarios que se dan entre os gandeiros teñen un importante impacto económico pero tamén psicolóxico entre os afectados, polo que o primeiro que temos que facer é mostrar o noso apoio aos mesmos. Engade que a moción en certas afirmacións é demagóxica xa que as cifras que se citan de indemnizacións da Xunta de Galicia por animal sacrificado non son certas. Engade que ademais non se debe cuestionar as decisións que toman as autoridades sanitarias cando se dan casos de enfermidades como a tuberculose bovina. Conclúe indicando que tal e como está redactada a moción non a pode apoiar e insta ao grupo proponente que faga unha modificación da moción para poder apoiala.

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable do Grupo Socialista (4) e a abstención do Grupo Popular (6), BNG (2) e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRA.- Instar á Deputación de Ourense a demandar da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia un incremento dos complementos ás axudas estatais aos gandeiros afectados polos baleirados sanitarios, que lles permitan sobrepoñerse con garantías ás perda total do seu medio de subsistencia.

SEGUNDA.- Instar á Deputación de Ourense a demandar da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia a posta en marcha de mecanismos de diagnose do gando en vida, que permita sacrificar unicamente ás vacas contaxiadas de tuberculose bovina e respecte a vida

daquelas que non padecen o andazo, minimizando así o impacto económico sobre as explotacións gandeiras.

6º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formulan.

E, ás 17.58 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

.